

COUSIÑA LINDA

Texto e ilustracións de ANTHONY BROWNE

Tradución de SANDRA e ÓSCAR SENRA GÓMEZ

Encadernado en cartón. 26 x 30 cm. 32 páx. 16,50 €

[Cousiña Linda](#) (galego)

ISBN 978-84-1343-308-0. Álbum ilustrado. Tras os montes.

[Cosita Linda](#) (castelán)

ISBN 978-84-1343-309-7. Álbum ilustrado. Clásicos contemporáneos.

[La petite belle](#) (català)

ISBN 978-84-18558-95-5. Álbum ilustrado. Clásicos contemporáneos.

[Eder txikia](#) (euskara)

ISBN 978-84-18558-95-5. Álbum ilustrado. Clásicos contemporáneos.

[Pequena flor](#) (português)

ISBN 978-989-749-184-9. Álbum ilustrado. Clásicos contemporáneos.

Era unha vez un gorila moi especial a quen aprenderon a utilizar a lingua de signos. Cando quería algo, pedíallelo aos seus coidadores facendo xestos coas mans. Parecía que tiña todo o que precisaba... mais sentíase triste...


«Cousiña Linda» é un dos títulos fundamentais na extensa bibliografía de Anthony Browne; un canto á amizade verdadeira e á solidariedade que destaca polo seu sentido do humor, a tenrura e o contraste entre a aparencia e o comportamento dos seus entrañables protagonistas: un robusto gorila —unha figura moi presente na obra deste autor— e unha delicada gatiña.

Anthony Browne inspirouse nos personaxes reais de Koko e All Ball, unha gorila adestrada por científicos da Universidade de Stanford para comunicarse en lingua de signos e mais un gato ao que coidaba coma un fillo ata que desapareceu, causándolle moita pena.

A partir deste experimento, realizado en 1974, xurdiu este clásico da literatura infantil que, dende distintos planos de lectura, aborda reflexións sobre a vida en cativeiro dos animais salvaxes, os estereotipos que lles atribúen unha agresividade proporcional ao seu tamaño ou a capacidade para expresaren emocións.

Malia vivir rodeado de comodidades, a soidade é motivo de tristura para o primate desta historia ata que a chegada de Linda revela que se trata dun simio cariñoso, sensible e xeneroso que, con todo, tamén pode chegar a exteriorizar sentimentos tan humanos como o disgusto e a ira. É aí onde o relato toma un final inesperado que acaba por rachar os moldes convencionais.

Como noutros libros de Anthony Browne, as ilustracións están cheas de detalles sorprendentes, irónicos e fantásticos que compensan a brevidade do texto: dende a contorna humanizada que rodea o gorila ata referencias artísticas ou da cultura audiovisual do século XX, pasando polo papel pintado con motivos florais que suple a vexetación do seu hábitat natural. Tamén destacan por combinar planos de grande expresividade con escenas bosquexadas e pola aplicación do uso simbólico da cor.



■ **Temática:** amizade e afecto.

■ **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.

■ **Aspectos destacables:** animais salvaxes e domésticos, fauna en cativeiro; solidariedade, emocións, sentimentos, empatía, coidados; diversidade; comunicación, lingua de signos; do autor de «[O libro dos porcos](#)», «[Ernesto o elefante](#)», «[Un paseo polo parque](#)», «[Sacapenas](#)», «[Un gorila, un libro para aprender a contar](#)», «[No bosque](#)» e «[Que tal estás?](#)».

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/co-ushina-linda-g>

Anthony Browne

(Sheffield, Inglaterra, 1946)

Autor e ilustrador inglés. Graduado no Leeds College of Art, especializouse en deseño gráfico. A súa dedicación á ilustración infantil corresponde á súa etapa como deseñador de tarxetas de felicitación. O seu estilo revela un interese polos pintores surrealistas, as escenas oníricas e a introdución de elementos estranhos nas ilustracións. Entre os galardóns que recibiu ao longo da súa traxectoria destacan a Medalla Kate Greenaway, o premio Kurt Maschler e a Medalla Children's Laureate 2009. Por riba de todos figura o Premio Hans Christian Andersen no ano 2000 polo conxunto da súa obra. Foi o primeiro británico en obter esta distinción, dende 1956. É un dos autores de maior prestixio pola súa contribución ao desenvolvemento de novas formas de ler, ver e relacionarse coa linguaxe plástica. A crítica di do seu traballo que crea un universo cheo de referencias culturais e artísticas, pistas visuais e claves que valoran a intelixencia do lector para completar e interpretar o texto, independentemente da súa idade.

<http://www.anthonybrownebooks.com>

www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com

